

Virginia Felicia Auber: unha xornalista galega no alén mar

Rosa Aneiros Díaz
Consello da Cultura Galega

“Felicia. De una escritora con este nombre, ó con el, se están publicando por la prensa periódica de La Habana interesantísimos artículos que prueban una vez más la altura á que puede remontarse el talento de la mujer cuando se cultiva. Los escritos de Felicia que llegaron a nuestras manos reúnen á una imaginación fecunda aquel espíritu de observación y de filosofía que se hermanan también con la gracia del buen decir y la interesante revelación de los secretos del corazón humano. Tan preclaras dotes de talento de la admirable escritora no nos harían sin embargo salir hoy que la esfera de nuestra publicación consagra a unicamente a patentizar los estudios de los hijos de Galicia ó los de aquellos que de esta parte importante de la península se ocupen si Felicia no se contaste en el número de los primeros. En la GALICIA pensamos dar a conocer a nuestra escritora, empezando hoy por publicar aquí su bello artículo titulado EL MUNDO no porque sea superior en belleza á otros de su brillante pluma sino porque su mérito particular reúne la especialidad de darnos al paso alguna noticia sobre el espíritu público de nuestra preciosa Antilla, acerca de la buena memoria que en ella ha dejado nuestro paisano el escritor don Isidoro Araújo de Lira cuya muerte desgraciada ha llegado a oídos de todos nosotros viendo confirmada la triste nueva por cartas de la isla, con una porción de incidentes que han acabado de llenar la copa de nuestra amargura. He aquí el artículo de nuestra querida paisana”. Galicia. Revista Universal de este Reino. N.22 A Coruña, 15 de agosto de 1861.

Velaquí unha presentación posible á obra xornalística de Virginia Felicia Auber y Noya, recoñecida escritora da illa de Cuba nacida na Coruña en 1821, segundo consta no certificado bautismal achegado por Isabel Ruíz Apilánez na introdución ao estudo crítico da novela *Ambarina*¹. Estas palabras publicadas na revista *Galicia* marcarán o inicio de máis de setenta colaboracións semanais que encheron as páxinas deste xornal herculino de vocación universal entre 1861 e 1865, data esta última extrema da súa propia existencia. Ese artigo danos xa algunhas das pautas que marcarán a obra de Felicia, autora precoz no xornalismo debido ás súas innegables facultades literarias pero tamén á influencia do seu pai e á súa perspicaz observación da vida cotiá. Tamén, a súa apaixonada defensa da muller e da alfabetización, a pegada do romanticismo do momento, así como o coidado estrito de valores morais e relixiosos, características todas estas que marcan a súa obra tanto periodística como novelística. Así, nestas palabras de preámbulo podemos atopar xa referencias claras, por un lado á súa imaxinación e “interesante revelación de secretos del corazón humano” e, polo outro, á vocación de narrar e informar “alguna noticia sobre el espíritu público de nuestra preciosa Antilla”. Noticias de Cuba e noticias do corazón. Felicia recollerá na súa pluma a concepción xornalística de vehículo instrutor e aleccionador de valores morais e sociais. No mesmo momento en que timidamente as autoras –con ou sen pseudónimo– aparecían na prensa española, Felicia Auber y Noya, falaba dende as páxinas dos xornais da illa caribeña cunha voz propia.

¹ [Ambarina / Auber Noya, V., "Felicia" ; estudio crítico de la novela por Isabel Ruiz Apilanez](#) [Santiago de Compostela] : Consellería da Presidencia e Administración Pública, Servicio Central de Publicacións, D.L. 1989. Fronte ao ano 1821 como ano de nacemento de Felicia Auber temos a biografía presentada por Galicia. Revista Universal deste reino que data a súa chegada ao mundo en 1825. Os datos achegados por Ruíz Apilánez non parecen deixar lugar a dúbidas.

1. Breves apuntamentos biográficos

Das pequenas pero minuciosas e mesmo contraditorias achegas á biografía² de Felicia podemos extraer unha idea clara da súa intensa e apaixonante vida marcada por numerosas vicisitudes vitais e políticas.

Cuba. Década dos trinta do século XIX. Á nena Virginia Felicia Auber, a visión do infinito horizonte azul do Malecón cubano non podía lembrarlle demasiado á Coruña. Con apenas uns meses tivera que abandonar a cidade de cristal rumbo a Canarias primeiro e A Habana despois. Apenas podería recordala se non fose pola voz da súa nai, dona Walda de Noya, señora natural de Galicia, que lle falaría palabra a palabra, lugar a lugar, do castelo de Santo Antón, da torre de Hércules, do peirao do Parrote ou da praia do Orzán. O pai de Felicia, Pedro Alejandro Auber, un cabaleiro francés de notables coñecementos científicos chegado coas tropas napoleónicas, vírase obrigado a escapar de España por mor dunha das habituais persecucións ideolóxicas do século XIX. O seu delito: terse comprometido co liberalismo dende un periódico de avanzadas ideas progresistas durante a primeira monarquía absoluta fernandina. O castigo: a fuxida xunto coa súa familia da Coruña, cidade onde deixaba notables relacións persoais. Por esta razón, os recordos da Coruña da nena Felicia podían ser vividos ou imaxinados. A fin de contas, a memoria é só unha invención máis. Talvez non sabía Virginia Felicia Auber demasiado sobre o país que deixaba, talvez non imaxinaba as loitas entre liberais e absolutistas, recrudencias trala marcha do seu pai, tal vez ignoraba o ambiente intelectualmente ricaz que perdeu con ese exilio involuntario. Podería ter coñecido -nese fervor cultural da cidade de cristal que estoura a mediados do século XIX- a Juana de Vega, a Emilia Pardo Bazán, a Concepción Arenal, a Sofía Casanova, á mesma Rosalía de Castro, todas elas mulleres galegas cunha vocación literaria e xornalística fóra de toda dúbida. Mais a guerra de ideas botouna fóra e levouna alén mar.

Tras unha breve estadía nas Canarias, a familia viaxou a Cuba. Alí, Pedro Alejandro Auber é nomeado en 1835 director do Jardín Botánico da Habana, polo regreso do anterior director, Ramón De la Sagra, a París. Así pois, as circunstancias obrigaron a Felicia a se cultivar nun ambiente alleo que o seu pai soubo humanizar a partir dunha educación plural e humanística estraña para unha rapaza do seu tempo. A lectura e a escrita eran os seus praceres escollidos pero, provocada tamén polos consellos do seu proxenitor que guiaban a súa inexperiencia, destruía canto escribía. Segundo a achega biográfica do *Galicia*, foi a través da súa habilidade coa tradución cando publicou, aínda na adolescencia, os seus primeiros textos no *Diario de La Habana*, do que Auber era o redactor principal. Felicia verqueu do inglés e do francés pequenos textíños literarios cos que se afixo a ver a súa sinatura nas páxinas impresas. En 1843 fina o seu pai e a casualidade fai que a sinatura de Felicia esperte á produción literaria nas páxinas do

² Auber Noya, V., "Felicia": [Ambarina /; estudio crítico de la novela por Isabel Ruiz Apilanez](#) [Santiago de Compostela] : Consellería da Presidencia e Administración Pública, Servicio Central de Publicacións, D.L. 1989; González López, Emilio: **Virginia Felicia Auber, periodista y novelista romántica hispano-cubana**. Coruña, paraíso del turismo.-- 1983); Estrada Catoira, Félix: "Virginia Felicia Auber y Noya. Revista del Centro Gallego", maio 1829, n.148. Montevideo; "Apuntes biográficos sobre la escritora Felicia" en Galicia. Revista Universal de este reino. A Coruña, n.30, 15 de decembro de 1861; Simón Palmer, María del Carmen: "Auber y Noya, Virginia Felisia" en Escritoras españolas del siglo XIX. Madrid: Castalia, D.L. 1994; Couceiro Freijomil, A.: Diccionario biobibliográfico e escritores. Santiago de Compostela: Editorial de los Bibliófilos gallegos, 1951; Murguía, Manuel: Diccionario de escritores gallegos. Vigo : J. Compañel, 1862

xornal. O poeta Ramón de Palma pídelle un texto para un *Álbum literario* que pensa editar. Felicia entrégalle a noveliña *Un aria de Bellini*. O *Álbum Literario* de De Palma non se publicará pero outras persoas piden a Felicia a súa achega para publicala no *Diario de La Habana*. A crítica foi xenerosa con esta primeira obra, mesmo a do *Noticioso y Lucero*, malia que os seus dous principais redactores, Isidoro Araújo de Lira e Nicolás Pardo Pimentel, ambos naturais de Galicia ignorasen a procedencia tamén galega da autora. Tanto no *Diario* primeiro como na *Gaceta de La Habana* despois, Felicia deu en publicar nos seus folletíns, entre outras, as seguintes novelas: *Mauricio*, *Una deuda de gratitud*, *Los dos castillos*, *Úrsula* e *El castillo de la loca Teresa*. Entre 1844 e 1847 a súa obra literaria en prensa será fecunda.

Desde 1848, Felicia comprométese a escribir un folletín dominical baixo o título de “Ramillete Habanero”. Este folletín pasa en 1854 ao *Diario de La Marina*, o xornal de máis circulación e popularidade da Habana fundado polo vigués Isidoro Araújo de Lima. Nel publicará non só estas páxinas senón diferentes novelas ao longo dos moitos anos en que colaborou coa cabeceira (*Ambarina*, *Un amor misterioso*, *Otros tiempos...*). Segundo Emilio González López “publicó también numerosos artículos; y redactó durante 14 años un folletín titulado *Ramillete cubano*. Su principal labor literaria, en los primeros años de su colaboración en el *Diario de La Marina*, fue alternar el periodismo con su obra de novelista. En 1858 dejaría de escribir novelas pero continuó por muchos años sus colaboraciones en *El Diario de La Marina*”. Sen dúbida o autor estíbese a referir ao “Ramillete habanero” e non “Ramillete cubano” pois, como enuncia posteriormente, “En 1854 comenzó una nueva etapa de su carrera de novelista. Su mayor popularidad –se dice en el Diccionario de la literatura cubana (La Habana, 1980)- la obtuvo con los folletines dominicales, que aparecieron primero en *La Gaceta de La Habana* y luego en el *Diario de La Marina* (1854-1873) con el título de *Ramillete habanero*”. Ademais destas colaboracións, queda constancia da colaboración de Felicia en *La Floresta cubana* (1855), e nas cabeceiras da súa grande amiga Gertrudis Gómez de Avellaneda: *Ofrenda al Bazar* (1854) e o quincenal *Album de lo Bueno y lo Bello*. (febreiro-agosto de 1860). Nesta publicación emblemática, Felicia colaborará dende o seu nacemento ata o seu fin con dous artigos cada mes e terá ao seu cargo a “Revista de Modas”.

Felicia laiouse durante anos da súa imposibilidade de viaxar e, non obstante, gabábase de coñecer ás persoas porque, dicía, son iguais en todas partes. En 1861 gardaba aínda a espiña desta inmovilidade pero, segundo os redactores de *Galicia*, “aunque Felicia ama á Cuba como á una segunda patria, no olvida que nació en Galicia por la que pregunta siempre con interés, por cuya prosperidad forma sinceros votos, y á la cual no pierde la esperanza de hacer una visita larga y afectuosa”. Non nos consta que chegase a realizar esta visita anxeiada. Porén si sabemos que, ademais do *Galicia*, alomenos nunha publicación máis coincidiu coa sinatura de Rosalía de Castro xa que en 1870 participa na edición do *Almanaque de Juan Palomo* xunto a Luisa Pérez de Zambrana, Gertrudis Gómez de Avellaneda, A. Grassi e a propia autora de Padrón. Segundo Emilio González López, en 1873, implantada en España a república, Felicia decide regresar a Europa. Vive primeiro en Milán e logo en París, onde residiría vinte anos, ata volver definitivamente, logo dunha ausencia de 65 anos, a se instalar en España. Estamos en 1893. Felicia continúa a ver reeditados os seus textos e envía colaboracións ao *Diario de La Marina*. Os últimos anos da súa vida pásaos en Madrid ata que morre en 1897, lonxe da terra que a vira nacer. A pesar de que, segundo a achega de Félix Estrada

Catoira³, Felicia morra moito antes, en 1879, fixamos como data da súa defunción o ano 1897 xa que, unha vez máis Isabel Ruiz Apilánez, fornece copia do testamento ológrafo de Virginia Felicia datado en 1894, o cal nos certifica que a súa morte non puido ser antes dese ano.

Non sendo o obxectivo desta investigación unha aproximación biográfica ou literaria senón xornalística, á vista dos datos consideramos de interese un estudo biográfico completo e definitivo que permita fixar as datas cruciais da vida de Virginia Felicia Auber y Noya. Parece o máis probable que as datas de nacemento e morte se manteñan nos anos extremos de 1821 e 1897 segundo a documentación achegada por Isabel Ruiz Apilánez. Con todo, sería importante datar con exactitude outras referencias temporais como son os anos das súas colaboracións nas distintas cabeceiras periódicas das que temos referencias inexactas e que citamos con toda a prudencia posible.

2. A presenza da muller na prensa española do século XIX

Logo desta aproximación vital e profesional á obra da autora, coruñesa e cubana a partes iguais, fican abertas algunhas hipóteses coas que traballaremos ao longo deste artigo. En primeiro lugar, a relación que cualificamos sen dúbida de profesional de Virginia Felicia Auber coa prensa. Tal e como xa se mencionou, en 1843 e con apenas 18 anos Felicia publicou a súa primeira noveliña no *Diario de La Habana*. A presenza da muller na prensa comeza a se facer patente a partires, xustamente, da década dos corenta do século pasado, co cal encadramos á autora coruñesa na propia orixe do fenómeno xornalístico protagonizado polas mulleres, antes arredadas do papel público.

A investigadora Susan Kirpatrick afirma no seu estudo sobre as románticas que:

“la prensa periódica experimentó una eclosión en la década de los cuarenta. Casi todos los periódicos publicados antes de 1840 eran órganos de una facción política determinada, pero además de una opinión editorial agresiva, publicaban poemas, noticias extranjeras, novelas en fascículos y crónicas parlamentarias. Durante esa época, aquellos que trataran de especializarse en literatura, en sátira política o en moda fracasaban inmediatamente. Sin embargo, en la década de los cuarenta fue produciéndose una especialización cada vez mayor; las revistas ilustradas y las gacetas literarias o intelectuales gozaron de cierto éxito. En cualquier caso, el periódico con las editoriales rimbombantes, el folletín, o sección de novelas en fascículos, la crónica teatral y el artículo de sociedad se convirtió en un elemento fijo de la vida cotidiana de las familias de clase media. La expansión de la prensa, tal vez más que los cambios graduales en el sistema educativo, desarrolló un papel fundamental a la hora de fomentar la lectura entre las mujeres. Uno de los primeros periódicos dirigidos específicamente a la mujer, *Periódico de las damas* (1822) parecía estar interesado sobre todo en ganar mujeres para la causa liberal durante el trienio, tremendamente politizado. Su contenido consistía fundamentalmente en educación política para las mujeres presentada bajo diversas formas como por ejemplo un poema que narra la historia del gobierno, un diálogo sobre la influencia de la mujer en la política o un ensayo sobre el papel de la mujer como madre del nuevo ciudadano”⁴.

Desta maneira, cara a mediados do século XIX, lectoras e escritoras convertéranse nunha parte xa firmemente ancorada da industria da prensa, ben desenvolvida e en constante auxe. A prensa diaria, tamén as revistas ilustradas e os periódicos

³ Op.cit p.32

⁴ Kirpatrick, Susan: Las Románticas. Escritoras y subjetividad en España. 1835-1850. Col. Feminismos. Madrid: Ediciones Cátedra, 1991. p.77

especializados para mulleres recoñeceron á muller non só como lectora de folletín –o folletín e a novela por entregas vivirán un extraordinario auxe no século XIX debido á alfabetización lograda polas revolucións burguesas- senón como escritora. Desta época - e como herdeiras de *La Pensadora Gaditana* de 1768, creado por unha tal Beatriz Cienfuegos- podemos salientar cabeceiras como *La ilustración*, *El Heraldo*, *Album de Señoritas*, *La ilustración de las damas*, *El Correo de las damas*, *El Defensor del Bello Sexo*, *El Periódico de las damas*, *El Pensil del Bello Sexo*, *La Madre de Familia* ou, por suposto, *Album cubano de lo bueno y lo bello* onde Felicia colaborou activamente. Os ensaios doutra galega, Concepción Arenal, con quen curiosamente Felicia comparte esa visión ilustrada e progresista da muller e, tamén, o profundo catolicismo, empezan a ver a luz en folletíns e revistas a mediados do século XIX. Xunto a ela, na prensa española xurdirán nomes como Fernán Caballero, Gertrudis Gómez de Avellaneda ou Carolina Coronado. Pese a este marco xeral da presenza da muller na prensa en España, debemos advertir que a situación en Galicia difire bastante. En Galicia os anos corenta presencian o nacemento dunha prensa que, aínda mantendo o carácter fortemente ideolóxico, permite a entrada de contidos informativos nas súas páxinas. Nacen tamén as primeiras chamadas revistas especializadas pero, con todo, os altísimos índices de analfabetismo, particularmente nas mulleres, impídenos falar aínda do nacemento do público feminino como tal. Curiosamente, no ano corenta nace *El iris del bello sexo*, un periódico de literatura e costumes editado en Santiago teoricamente editado or dúas mozas de Santiago pero que Pérez Constanti atribúe a A. Camino. Xosé Vicenzo Freire Lestón cualifica esta obra como a primeira revista feminina da historia de Galicia. Os seus contidos céntranse na “polémica sobre a verdadeira identidade das redactoras e a historia de como se vai xestando a publicación, a crítica aos excesos do romanticismo, a actualidade política santiaguesa e os inimigos da liña do xornal, a crítica dos agravios suridos por Galicia e a defensa do dereito das mulleres á instrucción”. Segundo este autor⁵:

“[no editorial do número 3] a autora aproveita unha vez máis para arremeter contra dos eruditos da violeta, que afirman con ton de superioridade que os únicos coñecementos que deben ter as mulleres son os de facer calceta e os demais labores domésticos. Deféndese a necesidade de que a muller exerza unha influencia moralizadora na sociedade e para iso cómpre que estea instruída en tódalas especialidades do saber, pero sinaladamente en relixión e moral. A defensa da instrucción non significa en absoluto que se pretendan ignorar os labores domésticos; moi ao contrario, estes vense como a base para o resto da instrucción. Esta visión, ben timorata pero que significaba unha certa toma de conciencia, non se mantería de xeito inalterable ao longo do xornal, senón que nas súa páxinas habemos de ver mesmo estudos nos que se chega a considerar ás mulleres como inferiores ao home por razóns fisiolóxicas.”

Atoparemos algunhas sinaturas femininas máis na prensa da época como é o caso de Rosalía de Castro, Emilia Calé, Elvira Luna, Concepción Arenal ou as traducións da condesa de Espoz y Mina. Estamos nos albores, nos pasos lentos e tímidos desta aparición da muller como lectora e como escritora. A sinatura de Felicia nas páxinas de *Galicia. Revista universal deste reino* entre 1861 e 1865 supón un dos primeiros grandes pasos para esta necesaria visibilidade.

3. A visión do feminino nas autoras de mediados do século XIX

⁵ Freire Lestón, Xosé Vicenzo: *A prensa de mulleres en Galicia* (1841-1994). Lisboa: Edicoes universitarias lusófonas. 1996

A aparición da firma de mulleres trae consigo unha nova visión do feminino na literatura e, por suposto, na prensa. No caso de Felicia e no ámbito literario, observamos varias constantes que foron mudando co paso dos anos. Así, unha idea xenérica lévanos a encadrar a súa obra dentro do romanticismo de fondo social contemporáneo pero tamén a novela histórica e costumista na liña do que estaba acontecendo literariamente en Europa e que Felicia coñecía en profundidade. Isabel Ruíz de Apilánez, autora da tese doutoral sobre a novela de Felicia Auber, *Ambarina*, sinala con acerto que:

“Su quehacer literario revela la huella de un compromiso ideológico directamente inspirado en el ideario ilustrado. Sus artículos periodísticos y su obra de creación son fruto de un elevado programa pedagógico que establece ideales de tolerancia, de fraternidad, de conocimiento, como base de la felicidad humana y de la perfectibilidad social. Consciente de su rol de escritora al servicio de un arte utilitario, Felicia hace de la literatura tribuna abierta, garantizando la libertad al individuo y la moralidad de las costumbres”⁶.

Susan Kirpatrick ofrécenos o marco xeral do seu pensamento ao sinalar que “1841, ese comienzo, después de siglos de un silencio turbado sólo intermitente por voces excepcionales –como las de Santa Teresa en el siglo XVI y Josefa Amar y Borbón en el XVIII – las mujeres españolas comenzaron a hacerse escuchar. Este año fue testigo de un pequeño aunque notable auge de la publicación de obras escritas por mujeres que a lo largo de las siguientes décadas se consolidaría dando lugar a un caudal firme y creciente. Así, las mujeres comenzaron a firmarse como autoras de un discurso escrito precisamente en la cresta del movimiento romántico y en la primera ola de reforma liberal en España: es decir, precisamente en el momento en el que un nuevo lenguaje para representar al sujeto individual y definir la diferenciación sexual ofrecía a la mujer una justificación para sentarse a escribir”. A razón deste auxe estriba en causas políticas, culturais e, tamén económicas. O poderoso estereotipo do século XIX da identidade feminina pesa como unha lousa sobre estas autoras. A versión inglesa do que sería chamado por Virginia Woolf “Angel in the House”, seguindo un poema de Coventry Pattmore, formouse segundo pautas establecidas a finais do século XVIII. As principais características do anxo acentuaban a súa complementariedade sempre subordinada ao home: namentres que os homes eran capaces de grandes cometidos intelectuais, políticos, militares que vinculaban o seu interese persoal ao ben universal, a verdadeira muller limitábase abnegada e case exclusivamente ás necesidades e sentimentos do seu círculo doméstico. Desenvólvese nos autores, e tamén por suposto nas autoras do romanticismo unha forte subxectividade. Así, a psique da muller definida como anxo vai perdendo intensidade pero ofrécenos pouca variedade aínda: consiste só no amor. Todas as demais formas de desexo –ambición, rebeldía, vinganza- nin sequera se consideran en relación ás mulleres. Os defectos mundanos seguen sendo especialmente repudiables no caso das mulleres. O grupo de escritoras que recorren á autoridade da súa propia subxectividade agroma en 1840 froito deste romanticismo e do liberalismo. Mais axiña os corsés quedaránlles pequenos e irán cuestionando as varas que as cinguen a partir dunha fonda instrucción cultural. A literatura romántica que pregonizaba a muller como anxo do fogar, ente doméstico necesariamente alleo ás cotas de poder e subordinado ao home en pro dun suposto benestar colectivo sufrirá as

⁶ Op.cit. 9-10

primeiras fisuras. Así, e como sinala Susana Montero Sánchez⁷, a escrita das autoras do XIX axiña:

“debilitarán a la larga la eficacia simbólica de esa figura etérea, indefensa, dependiente, encerrada en el hogar, que constituyó el estereotipo femenino dominante en el XIX, al mismo tiempo que potenciarán para las letras del siguiente siglo una mujer activa, ilustrada, suficiente como sujeto doméstico y como ente social, cuyos rasgos quedaron esbozados, no obstante, por las escritoras desde fines del Romanticismo”.

A obra de Felicia estará nos albores deste pensamento e nela detectamos tendencias que collerían peso con posterioridade:

“una tendencia creciente que hubo entre las escritoras hacia el cuestionamiento del orden genérico tradicional, tendencia expresada en tres líneas temáticas principales: acerca de la igualdad sexual, la educación de la mujer y la conceptualización de su identidad.(...) Considero que la progresiva insistencia de las autoras decimonónicas en destacar la capacidad intelectual femenina debe ser entendida como una estrategia discursiva subvertidora del orden genérico establecido, la que comportó, al mismo tiempo, una reevaluación del sujeto femenino como ente cultural pleno”⁸.

A cuestión da educación da muller, a capacidade lectora, a observancia dos valores morais e católicos e o labor instrutivo da literatura e a prensa serán variables recorrentes na obra de Felicia Auber, en quen atopamos nomes tamén presentes na obra das súas coetáneas como é o caso de Rousseau, George Sand ou Mm. De Stael. Así, Susan Kirpatrick ofrécenos unha reflexión sobre Gertrudis Gómez de Avellaneda, amiga e mentora de Felicia, que podemos aplicar con total exactitude á autora coruñesa:

“Los orígenes coloniales de Gómez de Avellaneda también explican su voluntad y su habilidad para modificar y en cierta medida cuestionar los modelos dominantes que encontraban en el romanticismo español. Curiosamente, es posible que debiera su conocimiento de Mme. De Stael y George Sand al hecho de que se educó en una familia criolla en una ciudad de Cuba donde el trabajo de los esclavos en la casa permitía que las jovencitas se dedicaran a lo que quisieran. Su madre indulgente y su abuelo le proporcionaron ala joven Gertrudis todo lo que quería, especialmente tutores y libros. Una joven española de su clase, formada más estrictamente para las tareas domésticas y en la observancia de los preceptos religiosos no hubiera tenido tiempo libre ni permiso para leer lo que Gertrudis había leído, como ella msma descubrió cuando vino a España. Además de conocer mejor la literatura francesa que la mayoría de sus contemporáneos españoles, hombres y mujeres...”⁹.

No caso de Felicia –muller a medio camiño entre España e Cuba como Gómez de Avellaneda- os seus instrutores foron o seu pai e os libros. A súa firme vontade fixo o resto.

4. Unha relación profesional coa prensa

⁷ Montero Sánchez, Susana: “La perspectiva de género: una ruta obligada en los nuevos estudios sobre identidad latinoamericana”. en V Encuentro Iberoamericano de Mujer y Comunicación http://www.cip.cu/webcip/eventos/serv_espec/comunic-mujer/ponencias/poen-1.html

⁸ Montero Sánchez, Susana: Op. Cit.

⁹ Op. Cit, 132

A relación de Felicia coa prensa e o seu contacto con *Galicia. Revista Universal de este reino* cualificámola de profesional, dada a súa continuidade e constancia a través de moitos anos. O xa mencionado artigo biográfico de Galicia en 1861 dábanos algunhas ideas que afortalan esta tese. Por un lado a morte prematura do seu pai, que a deixaría ao coidado da familia. Polo outro, o feito de que durante os catorce anos de publicación do *Ramillite Habanero*, Felicia só deixase de escribir nel un domingo, precisamente a causa da morte da súa nai. Se a isto xuntamos as súas queixas constantes pola súa inevitable “inmovilidade” podemos deducir que a súa situación familiar provocou que tivese que ganar o sustento a través das súas colaboracións literarias e, ademais, a súa ancoraxe a un espazo físico que, en ocasións se lle antoxou claustrofóbico. Esta relación profesional ten consecuencias inevitables. Felicia non escribe só por pracer. Escribe por necesidade. Por esta razón, o esforzo, a tenacidade e a habilidade coa pluma son obrigadas. Neste artigo propoñémonos analizar algunhas das características estilísticas e de contido dos ensaios de Felicia publicados entre 1861 e 1865 dos que ofrecemos unha relación completa no anexo documental. Son un total de 73 textos publicados con puntualidade quincenal na cabeceira coruñesa.

Numerosas referencias presentes nos textos fannos albergar a dúbida de que estes textos foran xa editados en Cuba. Pola súa época, cremos que se publicaban no “*Ramillite habanero*” do *Diario de la Marina*, onde Felicia colaboraba periodicamente. Así, vemos algúns indicios nos propios artigos de *Galicia. Revista Universal de este reino*. En “Las edades de la vida” de setembro de 1862, a autora indica:

“No te asustes, jamoncita lectora, si el título de este **folletín** te sorprende arrancándote alguna discreta cana ante el espejo de tu tocador, ni tampoco tú, lector, si va a distraerte del cuidado con que parcheas un cosmético negro sobre un bigote gris”

Por un lado debemos sinalar a presenza dos vocativos de lectora e de lector, unha referencia explícita ao seu público. Polo outro, o feito de que o nomee folletín remítenos directamente ao folletín “*Ramillite habanero*” publicado nesa época na Habana. Noutro artigo posterior, do 15 de decembro de 1862, recunca “¿Os acordáis, inteligentes lectoras, de lo que respecto al orgullo, la avaricia y la ira os dice en tres recientes folletines?”. E, finalmente, no número 2 do 15 de xaneiro de 1864: “el domingo pasado no os di como de costumbre mi palabra amiga. La esclavitud de la pena me lo impidió” (lembrems que o *Ramillite habanero* publicábase os domingos). Ademais, debemos salienta o artigo titulado “La cotorrita” do primeiro de agosto de 1863 en que fai a única mención que atopamos á publicación galega. Logo dunha charla coa súa amiga Lola sobre os infortunios da muller que fai da súa lingua un divertimento banal –velaí o título do artigo- introduce un apuntamento persoal sobre a escena, no cal pon en boca do personaxe a súa reflexión sobre esta revista.

“Pero ya he charlado bastante –prosiguió Lola registrando antes de retirarse el maremágnum de mi mesa de escribir. ¿Que cuadernos son éstos? Ah, la Revista Universal del Reino de Galicia, periódico digno de la honrada, laboriosa e interesante provincia española donde aparece quincenalmente en el cual resalta noble espíritu patrio, que redactan instruídas plumas, y al que se suscribe en nuestras principales librerías. Ya sé que estás sinceramente agradecida a sus ilustrados redactores por los galantes términos en que han hablado de ti y por la constancia con que reproducen tus folletines en su acreditada publicación á cuyo lado distingo en tu mesa un curioso cuadro sinóptico de la descendencia de Adán hasta Jesucristo titulado Antigo Testamento, al par impreso en la hoy floreciente Coruña”

Velaquí a mostra evidente de que Felicia coñecía a publicación coruñesa e, tamén, a reprodución dos seus folletíns nas súas páxinas. Lamentablemente, as dificultades para localizar exemplares do *Diario de La Marina* desta época impídenos afirmar con total seguridade a hipótese¹⁰ da dobre publicación apuntada nestas liñas, por outro lado, práctica habitual nas cabeceiras do século XIX.

Sen dúbida a publicación dos 73 artigos de Felicia en *Galicia. Revista Universal deste Reino* é considerada un orgullo e unha honra para a publicación. Non só porque así o manifesten os editores na súa presentación senón tamén polo protagonismo que lle conceden nas súas páxinas (mesmo chega a ser portada de varios números). Temos evidencias tamén do aprezo dos lectores e, como mostra, un longo poema que Domingo Díaz de Robles lle adica no número 5 de 1865, no que enxalza a súa virtude coa palabra e que comeza “¡Oh perla del Orzán dulce Felicia/ Panegirista de Ramón de la Palma/ Yo estoy enamorado de tu alma/ Que en tu elegante pluma comprendí!”. Como vimos, a presenza dunha firma feminina con tanta asiduidade na prensa galega da época non era habitual. Felicia non só aparece senón que ocupa unha media de tres páxinas da publicación, o que supón un 18% da superficie total da cabeceira. *Galicia. Revista Universal de este reino* nace en 1860 e fina en 1865, malia que algúns autores como Soto y Freire daten a súa desaparición en 1866. Fundada por Antonio de la Iglesia, esta publicación tivo entre os seus ilustres colaboradores aos mellores escritores do Rexurdimento. X.M.Pintos, Rosalía de Castro, Francisco Añón, Francisco María de La Iglesia, Manuel Murguía ou Benito Vicetto, entre outros encheron as súas dezaseis páxinas quincenais de referencias ás belas artes, crónicas históricas, biografías, literatura ou lingua galega¹¹.

5. Os artigos xornalísticos de Felicia: rebeldía e submisión

Ruiz de Apiláñez ofrécenos sinteticamente ideas básicas que marcarán a lume a obra xornalística de Felicia na cabeceira coruñesa:

“Igual que Concepción Arenal, su coetánea y coterránea, la escritora coruñesa concibe su actividad individual al servicio de la sociedad circundante. Moral y virtud son una constante en su obra (...) Su personalidad literaria se sitúa en la línea de escritora cristiana, imbuida de romanticismo a la manera de Chateaubriand. Concedora del pensamiento de Mme. De Stael y de los socialistas utópicos, se manifiesta feminista, defensora a ultranza de los valores intelectuales de la mujer. Marcada por la estética de su tiempo, se adelanta en muchos aspectos a la época en que vive, reclama instrucción para la infancia, proclama la cultura patrimonio universal, reivindica el voto femenino”¹².

Temáticamente, as liñas argumentativas están moi ben definidas. Así, atopamos unha recorrencia clara a temas vinculados aos valores morais. Boa mostra disto son algúns dos seus artigos como *La ira* (15/02/1862), *La gula* (15/12/1862), *La avaricia* (01/05/1862), *La pereza* (15/08/1862) ou *La envidia* (15/08/1862). A este elenco de

¹⁰ Agradecemos profundamente o traballo de pescuda realizado por Nancy Pérez en na New York Public Library, na Biblioteca Nacional José Martí de La Habana, no Instituto de Literatura e Lingüística de La Habana e na Biblioteca Hispánica da AECI de Madrid para localizar estes exemplares da época do *Diario de La Marina*. A busca foi infrutuosa en todos os casos.

¹¹ Santos Gayoso: *Historia de la prensa gallega 1800-1986*. Sada: Edicións do Castro, 1990. Páxina 137.

¹² op.cit 13-14

pecados capitais que a autora retruca con moralexas que evidencian os problemas derivados de caer en tales perversións, atopamos outros centrados na vida social do momento na Habana como Ecos de la vida diaria (01/05/1864), Marianao (15/01/1864), Las calles de la Habana (01/06/1864), La lluvia (15/12/1865). Estes textos caracterízanse polo seu afán descriptivo da vida na illa, o cal supón un documento interesante para coñecer o día a día da vida da burguesía española de mediados do século XIX en Cuba. Ademais, debemos salientar aqueles referidos aos deberes *proprios* da muller como Deberes de una mujer según un hombre (01/03/1862), El hogar doméstico (01/10/1861), Discordia doméstica (01/10/1863) ou Libro de memorias de una mujer sensata y buena (15/02/1863) ou aqueloutros referidos aos tempos relixiosos El bolsillo de la Virgen (15/10/1861); El día de San Juan (15/06/1862); La Pascua de Resurrección (15/05/1863) ou La Virgen de los desamparados (15/01/1862). Xunto a todos estes títulos significativos do seu contido debemos sinalar outros que nos demostran a pegada do romanticismo na obra de Felicia como La providencia y la florecita (01/11/1861), ¡El corazón! (01/04/1865) ou Dulce María (01/12/1865).

Unha visión xeral destes artigos permítenos extraer ideas claves que conformarán o guieiro instrutivo-intelectual de Felicia, entre os que salientan a equiparación intelectual da muller e do home, a instrución das fémias, a defensa do coñecemento da cultura universal, o profundo catolicismo, a alta misión das escritoras, o papel das lectoras ou o cuestionamento intelectual dos clásicos europeos.

5.1. Equiparación intelectual do home e da muller, a instrución das fémias e defensa do coñecemento da cultura universal

“Creo haberlo dicho otra vez. Por lo mismo que la sociedad no destina a la muger para la carrera literaria que en los países más ilustrados se piensa en educarla más bien para el hogar doméstico que para la vida pública, cuando la modesta paloma se resuelve a salir de la sombra apacible de sus dioses lares para cultivar las letras a la faz del sol, obedece (generalmente hablando) á las sugerencias de la verdadera aptitud. El hombre suele convertir la pluma en un medio de especulación como cualquier otro; de ahí se que se introduzcan muchos profanos, sin vocación ni recursos mentales, en el augusto templo de Minerva. La muger (salvo las escepciones que existen en todas las reglas) cede al tomarla á un impulso emanado de Dios que la hace sobreponerse a la timidez de su índole, á los hábitos de su educación y al amor de su dichosa obscuridad: de ahí que casi siempre la que se dirige al santuario de la sabia diosa, merezca visitarlo”.

Este extracto pertence ao artigo “Astros refulgentes” do primeiro de outubro de 1862 ao que recorreremos con asiduidade neste apartado xa que supón unha boa mostra do pensamento literario, xornalístico e humano da autora coruñesa. Nel, Felicia defende con argumentos incontestables a equiparación intelectual da muller e do home. Desfilan polo seu artigo desde Teresa de Jesús, Fanny Fern, Carolina Lee, Enriqueta Stowe, Carolina Lee ata Avellaneda e, por suposto, Mm. de Stael e a “egregia” George Sand, nun intento de demostrar as altas capacidades intelectuais da muller. Exemplos abóndanlle para concluír: “Ante astros tan refulgentes como los indicados, ¿Qué hombre negará que la inteligencia del bello sexo sólo necesita cultivo para resplandecer como lo suyo? Pocos, queridas lectoras, y á esos pocos debemos tratar de convencerlos de su injusticia coronando vuestras gracias y virtudes con las rosas imarcesibles de la instrucción intelectual”.

Patente esta igualdade intelectual interxenérica, Felicia defende con vehemencia a necesidade do estudo e da instrución da muller:

“[amigas muy queridas] ¿Cómo negar que no profesais todavía á la cultura el espíritu la vehemente adhesión que con el tiempo completará vuestro inestimable valer?”

A educación da muller dende a máis tenra infancia será unha obsesión que, dun ou outro modo, apareza nos seus artigos con exhortacións ao estudo, entendendo a cultura como patrimonio universal. Con todo, e pese a esta defensa devota da instrución, non desbota nin disuade do papel atribuído tradicionalmente á muller na sociedade e que ela segue a defender: a santa vida doméstica.

“Aunque al ansiar que ameis el estudio y la instrucción me encuentre lejos de la extravagante idea de pretender que todas aspireis al dictado de autoras eruditas; aunque mi propósito no es desviaros de la santa vida doméstica (donde hay secretas glorias muy superiores a las de lapublicidad por lo mismo que se cifran en los ocultusy sublimes sacrificios de abnegación) sino induciros a hermosarla con claridades mentales, ya que he hablado de refulgentes astros me ocuparé de algunos de los que han destacado con su brillantez cuan ricamente ha dotado al sexo adorable á quien pertenecen los dulces privilegios de la sensibilidad, los sagrados blasones de la madre de familia, y á la vez los rayos divinos de la inteligencia capaz de competir en profundidad y devoción con la del hombre”¹³.

O privilexio da sensibilidade e o cariño da nai de familia lémbrennos claramente á súa coetánea, Gertrudis Gómez de Avellaneda. No artigo do 8 de marzo de 1862 en *La América* e baixo o título de “La mujer”, Tula rexeita que a muller sexa o sexo feble e reivindica que na historia a muller foi máis forte en todo: “En las naciones en que es honrada la mujer, en que su influencia domina en la sociedad, allí de seguro hallareis civilización, progreso, vida pública... En los países en que la mujer está envilecida, no vive nada que sea grande: la servidumbre, la barbarie la ruina moral es el destino inevitable a que se hallan condenados”. A moralidade e a virtude residen, pois, na muller, quen se converte na garante destes valores no mundo. Para isto é necesaria a educación, mais unha educación enfocada a preservar estes valores e non como simple entretemento. Curiosamente, ao pé do artigo de Felicia do 1 de outubro de 1865, Antonio de la Iglesia asina un longo ensaio no que se congratula cunha nova do progreso considerable da muller en Galicia:

“La Universidad de las Mugerres: Un elemento más de moralidad y cultura acaba de adquirirse en nuestra Galicia, la Universidad de las mugeres, el Seminario de la reforma del pais por influencia del bello sexo, la Escuela Normal de Maestras de La Coruña, enfin, que ha de acabar con el monstruo viejo pero feroz y terrible todavía del vicio y la ignorancia. (...) El corazón sensible, entusiasta de la muger será el encantador hechizo, el magnetismo arrebatador del niño, del hombre, de loa sociedad. Su ciencia, el alfange triunfador que cortará del árbol santo de la vida los laureles de esa conquista gloriosa que adorarán los ángeles y que llevarán gozosos entre nubes de incienso á las aras del trono del Altísimo con inefable osanna, la bendición beatísima, por los celestes dones concedidos a esa criatura llamada muger que la edad moderna se encargó de ilustrar y poner en ejercicio para bien y progreso de la Humanidad. El hombre trabajará en pró de la educación y ciencia de su hijo y de las generaciones; pero el tiempo que le resta de las ocupaciones diarias es en extremo corto y fugaz. La muger, casi siempre la absoluta y perpetua soberana de la casa y la maestra y ejemplo de la familia, es el gérmen de la religiosidad y virtud del niño, la formadora de sus hábitos y carácter, el alba y la aurora y hasta el naciente y claro sol que comienza a iluminar su mente virgen, sentando la semilla de la

¹³ *Astros Refulgentes*, op.cit

verdad en el entendimiento preparado para recogerla y fructificar poderosa en no muy lejanos días”.

Atopamos nestas palabras de Antonio de La Iglesia, editor de *Galicia. Revista universal de este reino*, un herdeiro do *Teatro Crítico Universal* do padre Feijoo e de Sarmiento - que Felicia tan ben coñecía- e claramente contrario ao reaccionarismo bíblico-teolóxico de “A Parola de Cacheiras” (1836)¹⁴. Ideas como a ilustración do bello sexo, o labor doméstico, a defensa da virtude, da moralidade e da relixiosidade do seu artigo aparecerán recorrentemente no pensamento de Felicia. Esta converxencia absoluta ofrécenos tamén a razón de que o autor coruñés publique con puntualidade quincenal e auténtica devoción os textos da escritora galego-cubana.

5.2. O rol da escritora: arte utilitaria ao servizo da moralidade e dos costumes

¿Que papel deben cumprir pois as escritoras? ¿Cal é o papel de Felicia na prensa? A propia autora fornécenos unha idea clara de creación dunha arte utilitaria ao servizo da moralidade e dos bos costumes. A alta misión da escritora ha ser reafirmar os valores sociais, os valores éticos e morais do mundo a través da súa obra. Desbota, pois, os artificios estéticos e, sobre todo, aquelas obras onde o escándalo e as que ela considera perversións do home e da muller cegan a verdadeiro camiño da desexable conduta moral. Así o sinala ao falarnos de George Sand no xa referido artigo “Astros refulgentes”:

“Respecto a Jorge Sand, la filosófica escritora cuyo magnífico estilo refresca las ideas tanto como la fatiga el lirismo y la afectación de mm. de Stael, ¡cuánto debemos sentir que haya equivocado la saludable misión del genio combatiendo la honrada ley del matrimonio de que depende la conservación de la familia, la quietud del hogar doméstico y el orden moral de la sociedad!”

A misión da escrita reside na educación con valores éticos e morais acordes co catolicismo e as normas sociais imperantes. Filla do seu tempo, Felicia deu o paso avanzado de buscar a formación nas mulleres pero sen se librar da lousa existente sobre os temas ou a maneira de tratalos na súa obra. Así, critica en George Sand a exaltación dos personaxes máis *desviados* con virtudes atractivas para o lector, de maneira que ofusquen o fino gume entre o *correcto* e o *incorrecto*:

“¡Cuanto debemos lamentar que ofuscada por alguno de los envidiosos espíritus que, segun los antiguos griegos, se esforzaban en disminuir la aureola de los mortales eminentes haya pintado á menudo á la muger que se inmola, junto á sus penales, al cumplimiento de sus obligaciones con un semblante tan adusto, un alma tan fría y un entendimiento tan limitado que su virtud repele, para revestir en cambio a la desgraciada que rompe el freno de los preceptos comunales de los sentimientos generosos, del ardiente corazón, y de los elevados impulsos que cautivan”

Fronte a o pensamento de Sand sitúanos á escritora sueca Federica Bremer como verdadeira realizadora “en toda su radiante pureza la misión de la autora”:

“Distante de la influencia desmoralizadora de la escuela literaria francesa, donde desde la propaganda enciclopédica del siglo XVIII comenzó a confundirse la libertad de pensamiento

¹⁴ En “A Parola de Cacheiras” de 1836 atopamos duras palabras que subordinan segundo a orde establecida por Deus á muller ao home e negan a capacidade daquela para desenvolver determinados postos sociais, particularmente o de máxima autoridade dun país.

con el desenfreno y el escepticismo, la escritora sueca Miss Federica Bremer reliza en toda su radiante pureza la misión de la autora. Aunque ha nacido entre las nieves de la vieja Escandinavia, su alma en lugar de helarse, ha impregnado su pluma en el suave calor de la filantropía, la fraternidad y la virtud. Yo que después de haber devorado cuantos libros me caían en la mano ya no abro sino aquellos de cuyo mérito estoy segura, he saboreado varicadas veces con delicia las producciones de Miss Bremer, la cual lejos de querer separarnos como Jorge Sand, del hogar doméstico, y de presentarnos como causadas y repulsivas las tareas de la casa, nos muestra bajo su techumbre la amable efigie de la dicha duradera. Hay tanta naturalidad, exactitud y conocimiento del mundo en sus encantadores cuadros de la vida diaria que la novela apenas asoma ensu fiel diseño. Por eso interesan tanto. Por eso el corazón los ama y los prefiere. Jamás cosas exageradas e inverosímiles. Siempre lo posible, lo probable y lo justo”.

A misión da escritora segundo Felicia non deixa lugar a dúbidas. Ideais da escritora: “filantropía, la fraternidad y la virtud”. Virtudes da novela: “naturalidad, exactitud y conocimiento del mundo. Jamás cosas exageradas e inverosímiles. Siempre lo posible, lo probable y lo justo”. Das súas propias palabras podemos sacar unha auténtica autopublicística no referente a contidos e obxectivos da escrita tanto xornalística como literaria. A rendición do ser humano virá da man da virtude: “la felicidad de todos no se conseguirá por medios algunos hasta que comprendiendo el talento trascendental, resuelva con firmeza y al olvidar el yo egoísta para redimir por seguro la especie humana mejorando los individuos se mejorará la sociedad en conjunto” (1 de xaneiro de 1862).

A observancia da moralidade e o fincapé nos defectos da muller nestas autoras pon de manifesto, segundo algunhas estudiosas, a visión, aínda androcéntrica, da muller do romanticismo. Títulos como “La cotorrta” ou “La descuidada” ofrécennos duras reflexións contra as mulleres que se desvían do seu papel como nais e esposas das súas casas. A desgraza vén sempre da man destas condutas desviadas e, pola contra, a rendición provén da observancia dos valores establecidos. Estes arquetipos da muller, tan presentes nos autores románticos, aparecen tamén nas páxinas da autora coruñesa evidenciando non só o sometemento ao discurso hexemónico na época senón a súa defensa dese patrón moral.

5.3. O rol das lectoras

A reiteración de vocativos como “amigas mías”, “lectoras mías” ou “queridísimas lectoras” demóstranos que Felicia se dirixe a un público eminentemente feminino do que, e así o mostran as súas autorreferencias no texto, se sente parte. Non só defende a arte utilitaria ou a transmisión de valores moralizantes como misión da escritora senón que entende os medios de comunicación como vehículos canalizadores desta alta misión. A percepción das súas lectoras ás que -como vimos- exhorta para se educaren correctamente e para seguir uns valores morais acordes co seu xénero resulta curiosa e mesmo un tanto contraditoria. Á vez que defende a lectura e a formación intelectual, sinala como pouco recomendable a lectura de certos autores que poden desviar a conduta das mozas.

No artigo titulado “El talento” de xaneiro de 1862, Felicia conta como quedou totalmente impresionada ao saber que tres irmáns de entre catorce e dezasete anos lían obras como *La Dama de las Camelias* de Dumas, *Gerfoult* de Carlos de Bernard ou *Fanny*. Estas tres novelas, vergoñentas en palabras da autora, exhortan sobre valores

absolutamente reprobables e inmorais (chega a cualificar a obra de Dumas como “panegírico vergonzoso de la joven pervertida que afrenta á su sexo hasta en los medios de que echa mano para consumir el sacrificio que ha de rehabilitarla según imagina su autor”). Escandalizada ante esta evidencia, Felicia insiste “Oh, madres! Si amáis a vuestras hijas acordaos de que la biblioteca del bello sexo debe componerse de obras en que no resalte el talento a costa de la moralidad!”. Por un lado debemos salienta a responsabilidade das nais na educación das fillas e, polo outro, a necesidade de censurar as obras que len as mulleres nas que a moralidade fica polo chan. Velaquí a contradición existente en Felicia. Ela gábase da súa educación e de coñecer polo múdo a produción intelectual europea e americana (lembremos que domina á perfección varias linguas). Establécese pois nun nivel superior ao considerar que ela pode ler todas as obras que menciona xa que non van alterar os seus valores ao ter un criterio de lectura correcto. A súa educación fornécelle argumentos como para saber se unha obra é recomendable ou non para as mozas máis novas. Con isto evidéncianos que, a pesares de todos os seus consellos e recomendacións para as súas lectoras, ela é a primeira en achegarse a todas as producións literarias e filosóficas sen prexuízos, consciente de que a súa educación lle alertará das boas e das malas obras. Ás súas lectoras négalles, pola contra, ese beneficio da dúbida, esa posibilidade de coñecer por si mesmas os valores dos textos ao establecer a necesidade dunha censura previa das obras que deben e non deben ler.

Esta contradición está presente noutros aspectos da obra de Felicia –exactamente igual ca noutras autoras do seu tempo- ao manterse un litixio ás veces áspero entre os seus valores católicos e morais, entre a tradición asentada por patróns masculinos sobre a muller ideal e a claridade intelectual que lle ofrece a súa educación. Talvez por iso a vehemencia que atopamos na defensa da igualdade entre os dous sexos non a atopemos noutros ámbitos. Así, resulta cando menos rechamante unha defensa tan obcecada do ámbito doméstico para a muller cando ela mesma é unha profesional da escrita, unha asidua de actos sociais e de encontros literarios. Ela defende que non existe tal contradición entre o seu labor coas palabras e a esfera doméstica pero, dende a nosa ollada actual, resulta cando menos paradoxal. Existe en Felicia un avance progresivo na mentalidade da muller pero que non acaba de dar o salto definitivo da defensa da igualdade intelectual entre ambos sexos. Se cadra, o seu profundo catolicismo impédíulle romper moitas convencións sociais de cara ao papel da muller na sociedade. Por iso tensa a corda do seu discurso desde o ámbito máis intelectual pero non mantén o mesmo pulso de cara á vida cotiá. A súa visión da arte ao servizo da misión moral e do correcto emprego do talento que lle foi concedido emprázana a escribir textos en que a moralexa e as advertencias e consellos ao público feminino son recorrentes: “mujer antes de que te cases mira lo que haces” ou “¡alerta amigas ante esos hombres, lobos con piel de cordero!”. A enunciación do nós maiestático, da separación entre o nós (mulleres) e os outros (homes) fai fincapé na aseveración da subxectividade feminina nacente na época e, tamén, da necesidade de coidado mutuo das mulleres ante os perigos da vida e das trampas artelladas por algúns elementos do ámbito masculino, representantes en moitas das súas obras da tentación e perda moral. Esta alteridade home-muller, manifestada no extremo de malo-bo supón, sen dúbida, unha estratexia discursiva subvertidora da orde xenérica establecida e unha enunciación do nós feminino como verdadeiro valedor dos valores morais.

5.4. O cuestionamento dos alicerces intelectuais europeos

Con todo, e a pesar da reclusión da muller no ámbito doméstico, Felicia defende, tal e como vimos, a igualdade intelectual entre os dous sexos. Non só iso. Mesmo se atreve a cuestionar aos homes sacros da Ilustración, sabedora de que a súa valía intelectual non ten nada que envexar á de calquera home. Cuestionaos iso si, dende o profundo coñecemento da súa obra, da posibilidade de comparar textos e autores e sempre dende a óptica duns valores morais e relixiosos moi pechados. Felicia “dialoga” intelectualmente cos máis altos representantes da cultura europea, tanto do ámbito da filosofía como a literatura ou a pintura. Así, entre as súas liñas atopamos referencias a persoeiros tan diversos como Voltaire, Rousseau, Dumas, Velázquez, Sand, Víctor Hugo, Chateaubriand, Murillo, Balzac, Larra, Fernán Caballero, Rafael ou Miguel Anxo, entre outros.

O artigo “El talento” do primeiro de ano de 1862 será guieiro deste parágrafo xa que resulta moi revelador. Felicia cuestiona a Voltaire e Rousseau sen ningún tipo de pudor intelectual e, moito menos, moral. Así, dinos:

“El mortal ofuscado que lejos de emplear el talento en ilustrar y mejorar el mundo se vana en su poder para extraviar y pervertir envilece de modo imperdonable el noble sacerdocio que entregado le ha sido. Ya ocupe la tribuna de orador, el grado de estadista o la mesa del escritor público, si verdaderos estímulos no lo guían, convierte el sagrado manantial en pantanoso dañoso y fétido. ¡que triste es entonces ver los dones del bien transformados en mal”.

No resto do artigo loa as figuras dos dous pensadores da Ilustración, Voltaire e Rousseau, poñendo de manifesto a un tempo a súa xenialidade e a súa errada percepción do mundo e dos valores que deben rexelo:

“Si Voltaire hubiera comprendido la grandeza del cristianismo y el carácter sublime del Crucificado, avergonzado de la guerra que declarará lo que hay mas ligno de respeto en el universo hubiera caído de rodillas pidiendo perdón: si, él, que detestaba á los opresores porque se dolía de los oprimidos, se hubiera detenido a reflexionar en que arrebatando á los últimos el báculo de la fe los dejaba sin apoyo bajo las opresiones de los primeros, encerrando ens ensatos límites su sistema de destruír para edificar nuevamente, hubiera construído el edificio de las reformas sociales sobre bases duraderas cumpliendo así con la hermosa misión del talento “la de mejorar y conducir á los mortales como el pastor a su rebaño, por el buen camino”. Entonces Voltaire en lugar de apóstol de la blasfemia se llamaría apóstol de la razón”.

Máis benevolente resulta Felicia no caso de Rousseau, a quen reconece as súas achegas ao pensamento ilustrado. Porén, non pode evitar chamar a atención sobre o rumbo perdido das súas obras:

“Aunque examinando el talento de Rousseau bajo el punto de vista de la utilidad, hallamos tal vez que de ninguna de sus obras ha extraído grandes provechos el mundo, pues en su *Contrato Social* funda la sociedad sobre un pacto imaginario, en su *Emilio* propne un sistema de educación impracticable, y su *Julia* apoya sus teorías de moralidad en un terreno demasiado resbaladizo, es imposible no reconocer que en unión de atrevidas paradojas emitió sanos pensamientos que fructificaron en su siglo ventajosamente. El irresistible atractivo de su elocuentísima pluma consiguíó además uno de los más hermosos privilegios del talento: el de recrear el alma, enaltecerla y sacarla del apático letargo del indiferentismo.”

6. Parámetros argumentais e estratexia retórica

A arquitectura das súas ideas amósanos unha autora mimética e concienzuda que innova pouco nos seus textos, ao contrario, emprega unha fórmula narrativa estándar, moi asequible para todo tipo de lector que lle outorga bos resultados comunicativos. Así, un esquema tipo dos seus artigos responde aos seguintes parámetros argumentais:

1. Establecemento da tese de partida. A autora establece unha idea xeral arredor da cal virará todo o argumentario do artigo. Sexa a ira, a envexa, o talento, o descoido, a gula ou o roubo, a autora defende unha idea inicial que apoiará na anécdota que nos relatará a continuación.

2. O anecdotario literario. Os seus dotes narrativos lévana a configurar uns personaxes – maiormente femininos- que exemplifican na súa propia pel a idea xeral de partida. Adoita presentarnos persoas supostamente coñecidas por ela ás que lles aconteceu algo relacionado directamente co caso que nos está a narrar. O relato da súa vivencia é minucioso e delicado, con gran gusto polos pequenos detalles. Estas palabras resultan de interese xa que reflite á perfección a vida cotiá da burguesía española na illa de Cuba a mediados do século XIX. No caso de non recorrer á literatura de folletín, o tecido argumental baséase na descrición, por exemplo dos autores e das obras das que nos fala.

3. Falso final: a moralexa encarna en palabras o obxectivo supremo da autora de educar e instruír na boa moral ás lectoras. O anecdotario literario conduce en todas as súas frases a unha resolución en que o camiño erróneo fica mal parado, no castigo moral e físico das desviacións á norma. O triunfo do ben e da boa conduta é unha constante na súa obra, en consonancia absoluta coa que citabamos concepción xornalística da arte utilitaria.

4. Uns apuntamentos de actualidade. Felicia adoita empregar a última ducia de liñas do texto para mencionar algún acto social de relevo na cidade da Habana, recomendar a lectura dalgún libro de recente aparición, ou magoarse por algunha necrolóxica ou felicitar o éxito dalgún concidadán. Estes breves notas dannos conta non só da visión xornalística da actualidade senón tamén da súa relación coa comunidade galega emigrada na Habana ao se referir con asiduidade a presentacións de libros e actos sociais relacionados con este grupo social. Así, no número 22, do 15 de agosto de 1861 fai un breve apunte da morte doutro galego da emigración, benfeitor da súa familia:

“¿Que otra prueba, amigas lectoras, necesitamos para conocer que el mundo, lejos de encerrarse en un egoísmo estéril, permanece accesible á las simpatías generosas que la que con espontánea elocuencia acaba de dar la Habana habrá apenas cuatro o cinco días? Al saberse que el renombrado, popular y estimado director del Diario de la Marina, sr.d. Isidor Araujo de Lira (q.e.g.e.) se encontraba luchando con la muerte, unánime dolor manifestó que su inteligente, proba y concienzuda pluma no había trabajado en vano en pro de los intereses del país. Todos los habitantes de esa capital rindieron homenaje al talento del hombre público y á las virtudes del hombre privado pidiendo al Cielo la prolongación de su vida interin esperanzas de salvarle y llorando su fallecimiento cuando se extinguieron aquellas ante la funesta realidad. Los periódicos han hablado ya extensamente del general sentimiento y justo que ha causado entre nosotros la desaparición prematura del benemérito publicista cuyo robusto pensamiento cultivó durante tantos años con éxito envidiable el campo de las letras á favor de la prosperidad de la Grande Antilla española y cuya acrisolada honradez comunicó a su palabra impresa esa fuerza de persuasión que no adquirirán nunca los que contradigan sus discursos con sus obras. Sentidas plumas han descrito también el magestuoso entierro del buen escritor, del buen ciudadano, del buen esposo y del buen amigo, en pos de cuyos restos marcharon todas las clases de la sociedad de la metrópoli cubana, representadas dignamente por una multitud comuesta en su mayor parte

de personas distinguidas. No incurriré, pues, en inútiles repeticiones narrando lo que ninguna de vosotras ignora”.

A esta estrutura argumentativa debemos sumar algunhas características que definen a súa estratexia retórica. Todas elas están encamiñadas a lograr unha maior identificación e proximidade entre a autora e as súas lectoras.

1. Emprego da primeira persoa. Felicia usa tanto o nós maiestático como a primeira forma de singular, co que se pon de manifesto explícito a reafirmación feminina como grupo. Este recurso busca a identificación coas lectoras mediante a creación do nosotras e a consecuente configuración dunha subxectividade propia e diferenciada. Destácase especialmente a súa sinatura como un valor engadido aos textos, convertendo á propia Felicia nunha referencia moral para o seu público. Así, as autorreferencias constantes á súa persoa permítennos entendela como reclamo e voto de confianza das lectoras. Fronte a este valor autorreferencial preséntanos a reiteración de vocativos como “amantísimas lectoras” ou “queridísimas amigas” que reforzan a proximidade da autora co seu público.

2. A interactividade. Atopamos tamén nos seus textos respostas a cartas e dúbidas remitidas polas lectoras. Felicia establece, tal e como facía Concepción Arenal, estruturas narrativas dialóxicas, reproducións de cartas en que lectoras e amigas persoais formulan as súas inquiredanzas e reclaman consellos da escritora. Todas estas cuestións son de orde moral e, na súa meirande parte, relativas ás relacións home-muller polo que existen grandes similitudes cos consultorios sentimentais.

3. A descrición e os diálogos. Se xa Antonio de la Iglesia nos advertira da gran capacidade descritiva de Felicia, os seus textos non deixan lugar a dúbida. Impregnada do romanticismo máis profundo, a autora cubana emprega longos parágrafos en recrear tanto escenarios como sensacións que lle permitan implicar ás lectoras na súa historia. A esfera dos sentimentos é mimada con absoluto celo na súa prosa, ao tempo que se descoida o aspecto máis estritamente narrativo. Felicia fai uso constante dos diálogos ficticios para acelerar o ritmo do relato, así e como para outorgar realismo e evidenciar a verdadeira natureza dos personaxes.

7. Conclusións

Como vemos, para Felicia a misión da escrita reside na educación con valores éticos e morais acordes co catolicismo e as normas sociais imperantes. Non en van, na presentación da biografía feita polos directores do Kaleidoscopio de Alejandro Auber (15/05/1862), pai de Felicia, o *Galicia* define claramente os obxectivos do traballo intelectual da autora:

En esta biografía un dato máis que convencerá a los que creían que bajo el nombre de Felicia se ocultaba un gran escritor. He aquí pues la biografía del que, si bien no nació en Galicia tomó por esposa entre sus hijas colmándonos de gloria con el nacimiento y educación de nuestra queridísima paisana la **poética, moral y cristiana** escritora Felicia

Nesa alta misión, o papel da prensa como soporte comunicativo resulta crucial. A súa relación ao longo de toda a súa vida cos medios pon de manifesto, por un lado os seus vínculos económicos e, polo outro, as posibilidades que lle outorgaba como vehículo de comunicación coas súas lectoras. Filla do seu tempo, Felicia deu o paso avanzado de buscar a formación nas mulleres pero sen se librar da lousa existente sobre os temas ou a maneira de tratalos na súa obra. Así, critica en autores como Rousseau ou George Sand a exaltación dos personaxes máis *desviados* con virtudes atractivas para o lector, de maneira que ofusquen o fino gume entre o *correcto* e o *incorrecto*.

Existe por tanto en Felicia un avance progresivo na mentalidade da muller pero que non acaba de dar o salto definitivo da defensa da igualdade intelectual entre ambos sexos. A súa formación e o seu profundo catolicismo impedíronlle romper moitas convencións sociais de cara ao papel da muller na sociedade. Por iso tensou a corda do seu discurso desde o ámbito máis intelectual pero non mantivo o mesmo pulso de cara á vida cotiá. A súa visión da arte utilitaria e do correcto emprego do talento que lle foi concedido emprazárona a escribir textos en que a moralexa e as advertencias e consellos ao público feminino son recorrentes. A enunciación do nós maiestático, da separación entre nós (mulleres) e os outros (homes) fai fincapé na aseveración da subxectividade feminina nacente na época e, tamén, da necesidade de coidado mutuo das mulleres ante os perigos da vida e das trampas artelladas por algúns homes. Fortemente impregnada da escrita de Gertrudis Gómez de Avellaneda, atopamos en Felicia a defensa de ideas coincidentes coas da escritora de Camagüey, pero tamén particularmente coas doutra autora galega como é Concepción Arenal. A prensa entendida como vehículo instrutor e guieiro da boa conduta sérvelles para insertar artigos reflexivos dunha clara intención didáctica e moralizante a estas dúas escritoras nadas na provincia da Coruña a inicios do século XIX. Por outra parte, Felicia carece da forte pegada da comunidade galega que atopamos anos despois en Mercedes Vieito Bouza¹⁵, unha galega afincada en Cuba que aborda coa súa pluma temas como a política galega daquel tempo, as sociedades de instrución e a problemática concreta da muller galega, todos eles alleos á obra de Felicia. Porén, e a pesar da súa pronta marcha cara ás Antillas, si encontramos na súa obra detalles referidos ao seu círculo social e laboral que nos fan recoñecela como asidua ás actividades organizadas polos galegos emigrados. Non esquezamos que traballa no xornal *Diario de La Marina*, creado polo galego Araújo de Lira, a quen ten como íntimo amigo. Outras autoras galegas como a xa citada Concepción Arenal, Rosalía de Castro ou Emilia Pardo Bazán colaborarán tamén na prensa cubana.

Nesta beira do Atlántico, o valor da súa sinatura nas páxinas de *Galicia. Revista Universal de este reino* resulta incuestionable. Achegaba a súa firma a voz dunha muller galega instruída na cultura europea máis actual e exhortaba da necesidade de educación da muller a un público lector aínda eminentemente analfabeto. O progresismo da súa ollada resulta evidente, como tamén a transcendencia que estas palabras supuxeron para a prensa galega. A modernidade, o avance nos dereitos da muller, o labor profesional da xornalista, a instrución como alta misión das autoras, a visión da vida burguesa da sociedade española en Cuba, o labor social e cultural da comunidade galega emigrada, o diálogo intelectual cos máis altos representantes da cultura europea ou a reivindicación da cultura como patrimonio universal foron algúns dos aspectos que apareceron da súa man na moderna cabeceira dos irmáns De La Iglesia. Antonio de La Iglesia, como xa

¹⁵ Costa Alcalde, María Xosé: “Mulleres galegas na prensa galega de América (1873-1914): O caso de Mercedes Vieito Bouza en Revista Estudios Migratorios, n.3. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. 1997

mencionamos, amosou sempre o seu orgullo pola orixe galega de esta que el consideraba modelo feminino a imitar. A presenza de Felicia na prensa dos dous lados do Atlántico tendeu pontes entre ambas culturas pero tamén coa cultura universal do seu tempo, reforzando o papel da muller como creadora de significados. Sen dúbida, este suporá un gran paso para a necesaria visibilidade da muller na prensa galega de mediados do século XIX.

ANEXO: Artigos publicados por Felicia en Galicia. Revista Universal de este Reino. 1860-1865

	DATA DE PUBLICACIÓN	NÚMERO REVISTA	TÍTULO DO ARTIGO
1	15/08/1861	n.22	Felicia + El Mundo
2	01/09/1861	n.23	La descuidada
3	01/10/1861	n.25	El hogar doméstico
4	15/10/1861	n.26	El bolsillo de la Virgen
5	01/11/1861	n.27	La providencia y la florecita
6	15/12/1861	n.30	El fin de año Biografía Felicia realizada polos responsables da cabeceira
7	01/01/1862	n.1	El talento
8	15/01/1862	n.2	La Virgen de los desamparados
9	01/02/1862	n.3	Bellas Artes
10	15/02/1862	n.4	La ira
11	01/03/1862	n.5	Deberes de una mujer según un hombre
12	15/04/1862	n.8	A Mercedes
13	01/05/1862	n.9	La avaricia
14	15/05/1862	n.10	La alegría
	15/05/1862	n.10	Biografía pai Felicia
15	01/06/1862	n.11	La más bella
16	15/06/1862	n.12	El día de San Juan
17	01/07/1862	n.13	La inteligencia
18	15/07/1862	n.14	La sencillez
19	01/08/1862	n.15	La pereza
20	15/08/1862	n.16	La envidia
21	01/09/1862	n.17	Las edades de la vida
22	15/09/1862	n.18	Los cinco sentidos corporales
23	01/10/1862	n.19	Astros refulgentes
24	15/10/1862	n.20	Chismografía
25	01/11/1862	n.21	Las tres potencias del alma
26	15/11/1862	n.22	El egoísmo
27	01/12/1862	n.23	La vergüenza
28	15/12/1862	n.24	La gula

	15/12/1862	n.24	Un saludo a nuestra ilustre paisana y hermana en el periodismo, la célebre Felicia Auber. Soneto de José López de la Vega e Francisco María de la Iglesia
29	15/02/1863	n.4	Libro de memorias de una mujer sensata y buena
30	15/05/1863	n.10	La Pascua de Resurrección
31	01/06/1863	n.11	Buen juicio
32	15/06/1863	n.12	Orden natural
33	01/07/1863	n.13	Actualidades
34	15/07/1863	n.14	Variedades
35	01/08/1863	n.15	Cotorrita
36	15/08/1863	n.16	Los compromisos (portada)
37	01/09/1863	n.17	Los buenos sentimientos
38	15/09/1863	n.18	La ventana
39	01/10/1863	n.19	Discordia doméstica
40	01/11/1863	n.21	La aguja
41	01/11/1863	n.23	Todavía
42	15/12/1863	n.24	Distinto modo de sentir
43	01/01/1864	n.1	Estudio de la sociedad
44	15/01/1864	n.2	Marianao
45	01/02/1864	n.3	La calle y la casa
46	15/02/1864	n.4	El deber
47	01/03/1864	n.5	Otelo
48	15/03/1864	n.6	Simpatías y antipatías
49	01/04/1864	n.7	Piel de cordero
50	15/04/1864	n.8	¡Resurrección!
51	01/05/1864	n.9	Ecos de la vida diaria
52	15/05/1864	n.10	Confidencias
53	01/06/1864	n.11	Las calles de La Habana
54	15/07/1864	n.14	Amor y misterio
55	01/09/1864	n.17	Preludios
56	01/02/1865	n.3	La bola de la vida
57	15/02/1865	n.4	Los primeros días
	01/03/1865	n.5	Poema Díaz de Robles
58	15/03/1865	n.6	El modisto Armando
59	01/04/1865	n.7	¡El corazón!
60	01/05/1865	n.9	La Pascua de mayo
61	15/05/1865	n.10	La poesía y el dinero
62	01/06/1865	n.11	La felicidad
63	15/06/1865	n.12	La mariposa

64	01/07/1865	n.13	Cuerpo debil y alma robusta
65	15/07/1865	n.15	Pout-Pourri
66	15/08/1865	n.16	Pico de oro
67	01/09/1865	n.17	El borrachón
68	01/10/1865	n.19	Totum Revolutum
69	15/10/1865	n.20	Rosa y Jacinta
70	01/11/1865	n.21	El pie
71	15/11/1865	n.22	La sagaz Sofía
72	01/12/1865	n.23	Dulce María
73	15/12/1864	n.24	La lluvia